

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúnese no Pazo provincial ás 12:40 h do día 19 de xullo de 2024, baixo a presidencia de, **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D.ª LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ, D.ª BELÉN CACHAFEIRO ANTA, D.ª MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D.ª MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, D.ª DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ** en substitución de **D.ª ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, D. CARLOS GÓMEZ PRADO, D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ, D.ª NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ** en substitución de **D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e **D.ª MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 21 de xuño de 2024.

2. DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA O ANO 2024 DO CIRCUÍTO +ESCÉNICAS DE APOIO Á PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS EN GALEGO NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (EXPTE. 2024040737)

O presidente dá conta das bases reguladoras e convocatoria para o ano 2024 do circuíto +ESCÉNICAS, publicadas no BOPPO núm.133, de 9 de xullo de 2024, que teñen por obxecto o apoio á programación de espectáculos profesionais de artes escénicas nos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra. Os espectáculos cofinanciaranse entre a Deputación e o Concello, atribuíndose unha porcentaxe distinta segundo o número de habitantes, asumindo a Deputación o 90 % do custe nos concellos de ata 5.000 habitantes, o 80 % nos de 5.000 a 10.000 habitantes e o 70 % nos de 10.000 a 20.000 habitantes.

O prazo de solicitude de inscrición de espectáculos para as compañías, entidades e artistas profesionais no catálogo +Escénicas da provincia de Pontevedra, será do 10 ao 24 de xullo de 2024, e poderán inscribir un máximo de 5 cada un/unha, que non superen os 4.500,00 € (ive e produción técnica incluídas). Aos concellos corresponderalles unha subvención máxima por parte da Deputación de tres mil catrocentos (3.400,00) euros, correspondente á porcentaxe de pago do total de espectáculos solicitados, 3 como máximo. O prazo de solicitude para eles será do 2 ao 16 de setembro e a programación poderá desenvolverse do 15 de outubro de 2024 ao 31 de marzo de 2025.



As bases deste circuío convócanse con cargo á aplicación orzamentaria 24/330.3340.462.04 por un importe total de cento setenta e cinco mil (175.000,00) euros.

3.- DAR CONTA DAS CONDICIÓN XERAIS PARA A REALIZACIÓN DE CONTRATOS DE PATROCINIOS CON ENTIDADES PRIVADAS NO ÁMBITO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “RÍAS BAIXAS ACCIÓN” (EXPTE. 2024042953)

O presidente dá conta das condicións xerais para a realización de contratos de patrocinio con entidades privadas no ámbito de producións audiovisuais na provincia de Pontevedra “Rías Baixas Acción”, publicadas no BOPPO núm. 139, de 17 de xullo de 2024, que teñen por finalidade regular a solicitude de colaboración da Deputación de Pontevedra e materializarse en contratos privados de patrocinio para a realización de proxectos audiovisuais, incluíndo obras de animación (longametraxes, curtametraxes e series) que melloren a visibilidade e a notoriedade da provincia de Pontevedra e que reúnan unha serie de requisitos, salvo casos excepcionais, como estar rodadas en lingua galega, en escenarios da provincia e comezar a realización no ano da solicitude.

Esta liña de patrocinios imputarase con cargo á aplicación 24/330.3340.226.09 do vixente orzamento provincial por un importe de cento cinco mil (105.000,00) euros ata esgotar o devandito crédito, establecéndose uns importes máximos por patrocinio e entidade, que en ningún caso excederán o 50% do orzamento total do proxecto, co fin de realizar unha asignación máis equitativa: vinte e cinco mil (25.000,00) euros, ive incluído, para o apoio á produción de longametraxes, tres mil cincocentos (3.500,00) euros, ive incluído, para o apoio a curtametraxes e quince mil (15.000,00) euros, ive incluído, para a produción de series. O prazo de solicitude comezou a partir do día seguinte ao da publicación no BOPPO e remata o 30 de agosto de 2024.

4.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, NO ANO 2024 (EXPTE. 2024010375)

O presidente dá conta da concesión de subvencións a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de Festivais Audiovisuais na provincia e Pontevedra no ano 2024, aprobado pola Xunta de Goberno desta Deputación na súa sesión ordinaria do 5 de xullo de 2024, por un importe total de 165.000,00 € con cargo á aplicación 24/330.3340.489.05 e que figuran na relación a continuación:

ASOCIACIÓN - FESTIVAL	CONCELLO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO
AC e Cinematográfica de Galicia FICBUEU	BUEU	156.344,78 €	39.700,00 €	36.775,48 €
AC e Cinematográfica Novos Cinemas – 9ª Ed. Novos Cinemas	Pontevedra	91.612,42 €	35.500,00 €	22.953,82 €



AC e deportiva do Porriño Arela – XXI Festival de Cans 2024	O Porriño	189.299,98 €	35.000,00 €	35.000,00 €
AC Enfoques – XX Play Doc Festival Internac. De Cine e Documental de Tui	Tui	117.200,00 €	35.000,00 €	35.000,00 €
AC Abella Producións – VIII Galician Freaky Film Festival	Vigo	43.966,00 €	17.500,00 €	17.500,00 €
Asociación Curtas Film Fest – Curtas Festival do Imaxinario 2024	Vilagarcía	77.000,01 €	20.000,00 €	17.770,70 €

Excluíronse desta convocatoria un total de tres solicitudes, dúas desistencia da solicitude e unha por non remitir a documentación requirida en prazo.

5.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS MUSICAIS E DE ARTES ESCÉNICAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, NO ANO 2024 (EXPTE. 2024010382)

O presidente dá conta da concesión de subvencións a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais musicais e de artes escénicas na provincia de Pontevedra, no ano 2024, aprobado pola Xunta de Goberno desta Deputación na súa sesión ordinaria do día 12 de xullo de 2024, por un importe total de cento sesenta e cinco mil (165.000,00) euros con cargo á aplicación 24/330.3340.489.05 e que se relacionan a continuación:

Asociación	Festival	Concello	Orzamento	Solicitado	Importe asignado
Asoc. Cultural Rock In Rio Tea	Festival Rock in Río Tea 2024	Ponteareas	50.883,9 €	25.000 €	10.438,16 €
Asoc. Centro Cultural Artístico e Recreativo Valladares	XXXI Revoltallo de Música e Cultura Emerxente	Vigo	15.100,01 €	11.000 €	6.149,62 €
Asoc. Millo Verde	XVII Festival Alternativo Millo Verde	Redondela	86.717,35 €	20.000,00 €	12.299,23 €
Asoc. Cultural Morrazica	XIII Kanekas Metal Fest 2024	Cangas	40.932,94 €	18.419,82 €	10.842,74 €
Asoc. Soc. Cultural e Deportiva Condado	36ª Festival da Poesía no Condado	Salvaterra de Miño	35.173,10 €	17.000,00 €	9.224,42 €



Asoc. A Xesteira	As Nosas Músicas 2024	A Estrada	21.586,30 €	12.000,00 €	4.854,96 €
Asoc. Xente Titiriteira	XXV Festival Internac. de Títeres de Redondela. 2024. Memorial Juanjo Amoedo	Redondela	15.1250,66 €	36.451,40 €	19.096,20 €
The Wild	The Wild Fest 2024 Edición	Vigo	55.413,23 €	31.500,00 €	12.299,23 €
Asoc. Cívico Cultural Xiria	41 Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas	Cangas	117.400,00 €	25.000,00 €	18.772,51 €
Asoc. Cultural Agolada Crea	FIP Merzapercusión 2024	Vila de Cruces	31.764,00 €	12.544,32 €	12.544,32 €
Asoc. Cultural Quinta Do Piñeiro	Festival "Sementeira e Música	Salvaterra	50.577,98 €	11.500,00 €	11.500,00 €
Asoc Cultural Vertixe	Festival Vertixe 12	Vigo	50.116,00 €	24.556,84 €	13.917,55 €
Asoc. Cultural e Deportiva Santa Eulalia	Festival O Son do Pazo 2024	Mos	18.708,76 €	11.225,25 €	7.201,52 €
Asoc. Xuventudes Musicais Eixo Atlántico	12º IKFEM FESTIVAL TUI-VALENÇA	Tui	134.030,80 €	27.000,00 €	15.859,54 €

Excluíronse desta convocatoria un total de once solicitudes, oito desistencias e tres por non encaixar nas bases.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:45 horas do mencionado día, dáse por concluída a reunión, do que eu como secretaria dou fe.

